



O pulso de Evo Morales

DescriciÃ³n



Como ChÃ¡vez no 2004, a maior parte das enquisas e anÃ¡lises apuntan a unha vitoria de Evo Morales no prÃ³ximo referendo boliviano, incluso coa posibilidade de superar o 54% da votaciÃ³n que o levou Ã presidencia en 2005. A pesar da marcada polarizaciÃ³n, Morales segue a conservar sÃ³lidos Ã­ndices de aceptaciÃ³n e apoio social e polÃ­tico, especialmente por parte das maiorÃ­as indÃ­xenas e populares.
(Foto: Pintada pedindo o voto para Evo Morales no referendo do dÃ­a 10 de agosto).

Bolivia prepÃ¡rase para celebrar o prÃ³ximo domingo 10 un referendo revogatorio sobre a presidencia de Evo Morales e a autoridade dos prefectos gobernantes nos departamentos orientais de Santa Cruz, Tarija, Beni e Pando.

Tras unha intensa polÃ©mica xudicial sobre a sÃºa celebraciÃ³n, finalmente aceptada polo propio Morales e o Tribunal Constitucional, este referendo foi concibido como a inmediata fÃ³rmula de soluciÃ³n a unha prolongada crise polÃ­tica que ameaza con afondar unha situaciÃ³n de inestabilidade e consolidar unha fragmentaciÃ³n polÃ­tica e territorial, practicamente de facto.

Os recentes e violentos enfrontamentos entre simpatizantes e opositores a Evo Morales en distintos puntos da xeografÃ­a boliviana e a convulsiÃ³n social precedente aos actos conmemorativos da independencia nacional determinan este tenso clima, chegando a tal nivel que debeu suspenderse unha visita a Bolivia do presidente venezolano Hugo ChÃ¡vez e a sÃºa homÃ³loga argentina Cristina FernÃ¡ndez de Kirchner, confirmada para concretar unha ampla rede enerxÃ©tica sudamericana.

En termos comparativos, existen certos paralelismos entre a actual situaciÃ³n boliviana coa existente en Venezuela en agosto de 2004, sendo o caso venezolano o Ãºnico precedente histÃ³rico de referendo revogatorio presidencial a nivel mundial. Nun tenso clima polÃ­tico como o entÃ³n existente en Venezuela (e cuxos sÃ­ntomas aÃ­nda persisten), ChÃ¡vez logrou vencer nesta convocatoria, igualmente avaliada polos organismos hemisfÃ©ricos como Ãºnico mecanismo legal e lexÃ­timo para dirimir a controversia polÃ­tica entre chavistas e antichavistas.

Como ChÃ¡vez no 2004, a maior parte das enquisas e anÃ¡lises apuntan a unha vitoria de Evo Morales no prÃ³ximo referendo boliviano, incluso coa posibilidade de superar o 54% da votaciÃ³n que o levou Ã presidencia en 2005. A pesar da marcada polarizaciÃ³n, Morales segue a conservar sÃ³lidos Ã­ndices de aceptaciÃ³n e apoio social e polÃ­tico, especialmente por parte das maiorÃ­as indÃ­xenas e populares.

A mesma anÃ¡lise pode inferirse sobre o presumible triunfo electoral dos prefectos opositores en Santa Cruz, Tarija e Beni, coa incerteza do que poida ocorrer en Pando. Concentrando a riqueza enerxÃ©tica nacional en petrÃ³leo e gas natural, este diÃ¡metro xeogrÃ¡fico localizado ao oriente do paÃ­s e denominado a Media Lúa boliviana, constitÃºe a manifestaciÃ³n polÃ­tica e territorial mÃ¡is palpable da encarnizada oposiciÃ³n a Morales, principalmente destinada a defender unha maior autonomÃ­a polÃ­tica, econÃ³mica e administrativa.

Independentemente do resultado do referendo revogatorio, poucas cousas semellan cambiar a curto prazo en Bolivia,

principalmente dende a perspectiva política. Evo Morales podería exhibir un presumible e sólido triunfo electoral que lexitime o seu proxecto político destinado a refundar Bolivia e avanzar, mediante a aprobación constitucional, cara un modelo indixenista e socialista.

Pola súa banda, a oposición boliviana consolidaría tamén as súas posicións políticas nos departamentos baixo o seu control, evidenciando así unha polarización territorial entre un Occidente maioritariamente fiel a Evo Morales e un Oriente baixo a autoridade dos prefectos opositores. Dous países para dous proxectos aparentemente irreconciliables.

As próximas eleccións presidenciais e lexislativas bolivianas están previstas para finais de 2010. No período que resta, Morales tentará legalizar unha nova Constitución que tantos enfrontamentos e tensións ven xerando e que, no caso de ser aprobada, incrementaríase o caudal de confrontación cos departamentos da Media Lúa e os seus aliados políticos.

Deste xeito, Bolivia seguiría inmersa nun interminable labirinto político, coa posibilidade de constituírse nun preocupante centro periférico de inestabilidade na área andina e sudamericana. Se ben o referendo deste domingo practicamente lexitimaría as polarizadas posicións dos principais actores políticos, quizás o seu resultado persuada a estes actores a posibilitar un necesario acordo de gobernabilidade nacional.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

América Latina ARCHIVO

IDIOMA

Galego

Fecha de creación

agosto 9, 2008

Campos meta

Autoría : 3713

Data publicación : 2008-08-09 00:00:00